

HAI QUE VOTAR PARA DEFENDER OS DEREITOS ALCANZADOS E OS AVANCES SOCIAIS

O mundo da cultura, o traballo e a sociedade civil animan á sociedade a participar nas eleccións para non retroceder e seguir avanzando cara maiores niveis de benestar, de liberdade e igualdade



Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, participou este mércores no acto de presentación do manifesto “As urnas as cidadás e os cidadáns!”, elaborado polo mundo da cultura e o traballo e impulsado pola sociedade civil coa participación dos sindicatos co obxectivo de mobilizar o voto progresista e defender os dereitos alcanzados e os avances sociais.

Os asinantes alertan á sociedade do risco que supoñería unha vitoria do Partido Popular nas próximas eleccións do 23 de xullo debido a que supoñería recortes no Estado de Benestar e servizos públicos esenciais como a sanidade ou a educación e un retroceso nos dereitos fundamentais, sociais e civís.

Na súa intervención Pepe Álvarez pediu á cidadanía que se implique e que participe porque “estas eleccións non son unhas eleccións máis, son unhas eleccións moi importantes para o noso país e ninguén pode quedar á marxe dunha situación na que colectivo a colectivo téntase minugar os dereitos das persoas”.

Álvarez subliñou que, tras as pasadas eleccións autonómicas e municipais, sucedeu un feito moi grave en España, “normalizouse a ultradereita no noso país e houbo unha entrada masiva da ultradereita en gobernos locais e de comunidades autónomas”.

“Hai quen tenta equiparar a ideoloxía da ultradereita con calquera outra ideoloxía”, advertiu, “e non podemos permitilo porque a ultradereita nega a liberdade, utiliza a democracia para acabar coa democracia e todos e todas temos que ser conscientes de que este é hoxe un dos perigos máis importantes da democracia europea”.

Votar para parar o avance da ultradereita

“Nunca na historia do noso país conseguíronse tantos dereitos para os cidadáns e as cidadás nun período de tempo tan curto”, sinalou, “unha lexislatura na que se viviu unha pandemia que paralizou o país

durante un ano e medio e, aínda así, conseguimos acordos en materias tan importantes para a cidadanía e superar esa pandemia non só mantendo o emprego senón xerando máis emprego”.

“A economía española está a crecer e está en mellor situación que a economía europea, con moitos problemas, si, pero nunca se abordou unha crise con tantas medidas de soporte e protección para os cidadáns e cidadás e nós queremos consolidar e mellorar este peldaño de dereitos porque faltan moitas cousas por conseguir”.

Por iso, finalizou “todos e cada un dos que cremos na liberdade temos que ir votar estas eleccións para conseguir que a liberdade de cada un sexa tamén a de todos”.

Entre os asinantes podemos atopar a Pedro Almodóvar, Joan Manuel Serrat, Javier Bardem, Ros, Montero, Aitana Sánchez Gijón, Nicolás Sartorius, Elvira Lindo, ou Bob Pop, ou os mozos como Lara Moreno, Alan Barroso, Nerea Blanco.

A REUNIÓN DO METAL DO MÉRCORES CONCLÚE SEN RESULTADOS, Á ESPERA DO QUE SUCEDA HOXE

Se non se pecha un acordo, a partir do día 18 haberá folga indefinida no sector do metal da provincia de Pontevedra

Redacción.- Despois de varias xornadas de folga e mobilizacións, este mércores tivo lugar en Vigo a decimoterceira reunión do convenio do metal da provincia de Pontevedra para intentar chegar a un acordo de convenio colectivo e evitar, así, a folga indefinida que está convocada a partir do día 18. Esta xuntanza, despois de tres horas, rematou sen acordo e as partes emprazáronse a unha nova reunión que terá lugar hoxe a partir das 11.00 horas.

Os traballadores e traballadoras insisten en demandar un convenio digno para o sector, con máis de 30.000 persoas empregadas.

Así, a parte empresarial ofrece unha subida do 2 % no 2023, dun 3 % no 2024 e doutro 3 % no 2025. Subas

insuficientes, dende os sindicatos reclámase un incremento do 4 % en cada exercicio.

Tampouco hai avances noutros tres eixos crave da negociación, como é a actualización salarial conforme ao IPC. A patronal tamén se mantivo inamovible no que respecta á redución de horas traballadas. Ofrecen oito horas, pero a parte sindical pide que sexan 24 (tres xornadas).

Que o convenio recolla a subro-



gación de traballadores no ámbito privado tamén provocou un encontrazo entre os axentes sociais. Dende UGT FICA, xunto cos outros sindicatos, peléxase porque se garanta o amparo dos contratos do metal no caso de que cambie o empregador.

O SECTOR DE AMBULANCIAS MANIFESTOUSE EN SANTIAGO POR UN CONVENIO DIGNO

Redacción.- Os traballadores e traballadoras do sector de ambulancias de toda Galicia manifestáronse este mércores polas rúas de Santiago en demanda dun convenio digno.

Ademais, os sindicatos UGT, CCOO, CIG e USO convocaron cinco tres días de folga no sector que se suman ás dúas xornadas da semana pasada. Así, haberá folga os días 19, 20 e 21 de xullo.

Estas convocatorias van precedidas do amplo respaldo dado polos traballadores nas asembleas celebradas ante a negativa da patronal a ter en conta a súa proposta e a "falta de avances" nas reunións de negociación celebradas.

As súas reivindicacións pasan por subidas salariais, tendo en conta a perda de poder adquisitivo derivada do incremento do IPC nos últimos anos.

Ademais, reclaman melloras laborais, con redución de xornada laboral, incremento de efectivos e de vehículos e melloras nas baixas e os permisos retribuídos.



En canto ao persoal, que os sindicatos cifran entre 1.800 e 2.000 traballadores, estiman que sería necesario entre o 30 e o 40 por cento máis para paliar esta situación.

Así mesmo, en relación ás baixas por incapacidade temporal, estas duplicáronse, a práctica totalidade delas por lesións músculo esqueléticas derivadas da "sobrecarga" de traballo que sofren.

Os representantes sindicais explicaron que este servizo, especialmente nalgúns áreas sanitarias, está tensionado nos últimos anos,

especialmente no último, con ambulancias que deben atender "máis de 20 servizos diarios", algo "moi por encima do razoable". Fronte a iso, critican a "falta de preocupación" da Consellería de Sanidade, cuxa "única proposta" pasa por implantar "máis ambulancias baixo custo", é dicir, "que só levan condutor", o que motiva que, "en moitas ocasións", sexa necesario mandar outra de apoio aos servizos. En canto á patronal, cualificárona de "irresponsable", xa que, denuncian, nas súas propostas de negociación "non incluíu" ningunha das reclamacións dos sindicatos.

A UXP DE UGT-GALICIA CELEBRA EN SANTIAGO UNHA ASEMBLEA BAIXO O LEMA “DEFENDER O GAÑADO, AVANZAR EN DEREITOS”

Redacción.- Baixo o lema “Defender o gañado, avanzar en dereitos”, a Unión de Xubilados e Pensionistas de UGT-Galicia celebrou en Santiago unha asemblea de afiliados e afiliadas na que os secretarios xerais da UXP e de UGT-Galicia puxeron en valor os logros sociais, os dereitos conseguidos e os avances en materia de igualdade desta última lexislatura e tamén alertaron do difícil panorama que se avexiña de se dar un vuelco electoral.



Memoria histórica

Concretamente, o secretario xeral de UGT-Galicia pediu unha reflexión sobre de onde vimos, onde estamos e cara onde vamos. Fixo un exercicio de memoria sobre como se xestionaron as crises de 2008, cando se impuxeron unha serie de recortes que asfixiaron á cidadanía, e as da covid e guerra de Ucraína, nas que se instaurou un parasugas

social para procurar non deixar a ninguén atrás. Neste senso, apuntou aos ERTES, subida do SMI, acordo de pensións, fondos europeos...

23 de xullo

No contexto do 23X, só hai dous camiños posibles, seguir avanzando ou retroceder. É dicir, avanzar no

Estado social e democrático (igualdade, dereitos laborais, pensións, sanidade...) ou derrogar a Lei de memoria histórica, a reforma das pensións, a reforma laboral e, en termos xerais, instaurar unha involución de dereitos e liberdades. Insistiu en que dende UGT apóstase por avanzar, traballar para seguir mellorando nas cotas do estado de benestar, avanzar en materia de liberdade, igualdade e fraternidade.

OS BOMBEIROS COMARCAIS DE TODA GALICIA MANIFÉSTANSE EN SANTIAGO E REXISTRAN NA XUNTA UNHA PROPOSTA DE CONVENIO AUTONÓMICO

Redacción.- Os bombeiros comarcais de toda Galicia, que están en folga dende hai un mes, manifestáronse este xoves polas rúas de Santiago en demanda dun convenio autonómico, que unifique e dignifique as condicións laborais, e do cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo de 2022 que establece a conversión a persoal laboral fixo dos efectivos.

Lembrar que a folga indefinida, que afecta a uns 500 bombeiros de 25 parques comarcais, consiste en limitarse a traballar cada un dos efectivos na súa quenda, sen cubrir outras demandas.

Unha vez rematado o recorrido da manifestación, os asistentes concentráronse fronte á Dirección xeral de emerxencias e interior mentres os representantes dos traballadores entraron no edificio para rexistrar a proposta de convenio autonómico acordada en asemblea de traballadores. Despois disto, reuníronse co director xeral e co subdirector.

Destá reunión saíu o compromiso por parte da Xunta de sentarse a negociar a devandita proposta de convenio nunha mesa na que estén presentes tamén as deputacións. Para o cal, vaise estudar un calendario de reu-

nións para abordar a negociación do convenio a partir da semana do 24 de xullo.

Dende a Xunta tamén se comprometeron a aprobar a fixeza do persoal subrogado en base á sentenza do Tribunal Supremo.

Dende UGT e o resto dos sindicatos demandan que en setembro de 2024 xa sexa aplicado o novo convenio autonómico coa intención de que as mellores se poidan acometer con vixencia dende o 1 de xaneiro de 2024.

Ante a solicitude por parte da Xunta de minimizar as medidas da folga e retomar as



prestacións de antes desta convocatoria, os sindicatos deixan claro que ata que non existan compromisos por escrito sobre o abordado non se paralizarán as medidas reivindicativas.

A BRECHA SALARIAL ENTRE POBOACIÓN ESTRANXEIRA E ESPAÑOLA AUMENTOU EN 2021

Redacción.- No marco do Día Mundial da Poboación, a Unión Xeral de Traballadores publicou un breve informe sobre as diferenzas salariais por nacionalidade baseado nos da Enquisa de Estrutura Salarial e na Enquisa de Poboación Activa.

Segundo os datos da Enquisa de Condições de Vida (ECV) do Instituto Nacional de Estatística (INE) correspondente ao ano 2022 (con renda obtida no ano 2021), a taxa de risco de pobreza total no noso país era do 19'1%, con diferenzas moi acusadas entre nacionalidades. No caso da poboación de nacionalidade española, a taxa baixaba ao 16'1%, e elevábase ao 35'2% para as persoas nacionais de países da Unión Europea e ao 52'6% para as nacionais de terceiros países.

As cifras de EUROSTAT indican que a taxa de pobreza das persoas ocupadas (pobreza laboral), que para a poboación de nacionalidade española alcanza ao 6'3% dos homes e ao 8'3% das mulleres, chega, no caso das persoas nacionais de terceiros países, ao 41'9% para os homes e ao 34'2% das mulleres.

A razón destas grandes diferenzas, en particular entre a poboación de nacionalidade española e a nacional de terceiros países, necesariamente débese a unha menor percepción salarial.

Datos relevantes do informe

O informe sinala que a Enquisa Anual de Estrutura Salarial do INE para abordar a brecha salarial por nacionalidade mediante a ganancia media anual, ofrece datos limitados polo peso que, na poboación estranxeira e particularmente nas mulleres nacionais de terceiros países, teñen as actividades dos grupos excluídos da Enquisa, -especialmente o agrario e o de traballo doméstico-, que representan o 35% da afiliación da poboación nacional de países africanos, o 18% da nacional de países americanos, ao 11% da nacional de países europeos non UE, e ao 13% da nacional de países membros da UE. Algo moi significativo no caso das mulleres, debido a que, das 958.564 mulleres estranxeiras afiliadas, 221.016, o 23% están afiliadas aos sistemas especiais. Unha porcentaxe que, no caso dos homes estranxeiros afiliados, 1.257.945, baixa ata o 14%, 181.368 afiliados.

Ademais, o documento resalta que, polo que respecta á EPA e ao salario medio mensual, ao comparar a brecha entre a dobre nacionalidade (española e outra) e a nacionalidade española, e entre a nacionalidade estranxeira e a nacionalidade española, existe pouca diferenza entre elas e mesmo no ano 2017 é maior a brecha da dobre nacionalidade que a brecha da nacionalidade estranxeira, o que pode de-

berse a que das 846.900 persoas ocupadas de dobre nacionalidade no ano 2021, o 53% eran mulleres e o 20'4% das persoas con dobre nacionalidade traballaban a tempo parcial.

A brecha salarial de xénero entre mulleres e homes dun mesmo grupo de poboación incrementábase no ano 2021 no caso das mulleres africanas, está en ascenso desde o ano 2020 para as mulleres nacionais de países americanos e igualmente incrementábase desde o ano 2018 para as mulleres nacionais de países europeos non membros da UE. Só descende para as mulleres nacionais da UE.

Na brecha total dos países americanos é determinante o menor salario das mulleres dado que estas representan o 52% da súa afiliación total, mentres que, nos africanos, as mulleres supoñen o 24% da afiliación deste grupo de poboación.

É preciso ter en conta o impacto do traballo doméstico no salario tanto das mulleres estranxeiras como das mulleres con dobre nacionalidade debido a que as mulleres estranxeiras representaban en 2021 o 43% do total de afiliación ao Sistema Especial de Empregados de Hogar e o salario medio mensual deste sector é o máis baixo de todas as ramas de actividade, 858 euros que supoñen o 58% do salario medio total, 2.086 euros.

SUBIR SALARIOS IMPULSARÁ O CONSUMO E O CRECEMENTO ECONÓMICO

Redacción.- Os datos do IPC de xuño, publicado polo INE, sitúan a inflación anual nun 1,9%, 1,3 décimas menos que en maio. Un descenso importante que confirma a desescalada dos prezos debido á moderación paulatina dos mercados enerxéticos en comparación co ano pasado e situando a inflación xeral no nivel máis baixo desde marzo de 2021.

Pola súa banda, a taxa subxacente, que recolle a inflación de compoñente estrutural, diminúe en menor proporción, 2 décimas menos respecto ao mes anterior, alcanzando unha variación anual do 5,9%. A pesar deste descenso, séguense rexistrando cotas elevadas debido á alza persistente do prezo dos alimentos, que levan 15 meses consecutivos aumentando máis dun 10% anual. Así, neste mes destaca o incremento anual de produtos básicos como o azucre (44,9%), o aceite de oliva (31%), as patacas (27,8%) ou o arroz (21,9%).

Gran parte da responsabilidade do aumento dos prezos máis persistente débese ao comportamento das marxes empresariais, que están a crecer moito en numerosas ramas de actividade. Segundo o recentemente creado Observatorio de marxes empresariais, os beneficios agregados (resultado ordinario bruto) das ramas de comercio de alimentos, bebidas e tabaco, que inclúen a actividade das grandes distribuidoras alimenticias, aumentaron un 78% en apenas un ano, mentres que as marxes incrementáronse en 5,5 puntos, ata o 15%, o máximo histórico na serie analizada (datos desde 2009), tensionando así o prezo de gran parte da cesta de consumo básico da clase traballadora.

Por iso, é necesario tomar medidas sobre os mecanismos de formación de prezos daqueles sectores nos que se aprecie un comportamento fóra da lóxica económica e das necesidades do conxunto do país e sobre unhas marxes empresariais do total



da economía que tamén están no seu valor máis alto desde o inicio da serie, rexistrando un cociente do 12,9% no primeiro trimestre, 2,4 puntos máis que hai apenas un ano.

Ademais, as subidas salariais de convenio acordadas no que levamos de ano (3,3% de media) seguen situándose por baixo da inflación media (actualmente nun 4,1%). En consecuencia, os convenios colectivos pendentes de firma deben recoller as subidas acordadas no novo AENC 2023-2025.

AS INDEMNIZACIÓNS DO FONDO DE COMPENSACIÓN PARA AS VÍTIMAS DO AMIANTO PROPOSTAS POLO GOBERNO SON ABSOLUTAMENTE INSUFICIENTES

Redacción.- A Federación Estatal de Asociacións de Víctimas do Amianto, CCOO e UGT presentaron un documento conxunto de alegacións ao proxecto de RD que regula o fondo de compensación para as vítimas do amianto en desenvolvemento da Lei 21/2022 que o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións someteu a consulta pública.

No documento de alegacións que se adxunta, os sindicatos e as asociacións de vítimas expoñen diversas alegacións ao texto sometido a consulta, na maioría dos casos en relación a procedemento e prazos, destacando o relativo ás contías das indemnizacións propostas. As entidades consideran que, tendo en conta outras indemnizacións xa existentes na lexislación española (víctimas do terrorismo ou do VIH,

ou máis recentemente da talidomida...), as establecidas por sentenza xudicial ou en acordos xudiciais existentes nalgunhas empresas nas que se expuxo ao amianto aos seus traballadores, as propostas neste proxecto de RD son “de todo punto desproporcionadas... debido á súa escaseza”.

As indemnizacións propostas oscilan entre os 27.359,76 e os 68.399,40 euros, aos que habería que descontar a correspondente tributación ao IRPF, xa que o Goberno manifestouse contrario en todo momento a consideralas rendas exentas de tributación. Hai que ter en conta que as outras indemnizacións comentadas elévanse a varios centenares de miles de euros.

A xuízo das entidades “trátase dun comportamento discriminatorio para un-

has vítimas en cuxas exposicións ao axente tóxico existe unha responsabilidade ineludible do Estado xa que en España os diferentes Gobernos demoraron de maneira inxustificada a prohibición de uso e comercialización de todas as variedades do amianto a pesar de existir unha evidencia científica incuestionable sobre os seus efectos na saúde humana desde varias décadas antes da prohibición definitiva”.

FEDAVICA, UGT e CCOO solicitaron unha reunión urxente ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, para reclamar unha modificación no proxecto de RD que asegure un procedemento áxil e simple e unhas contías dignas para as vítimas do amianto.

A SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO DEBE SER UNHA PRIORIDADE NA AXENDA POLÍTICA

Redacción.- A secretaria de Saúde Laboral de UGT, Ana García de la Torre, o secretario de Acción Sindical, Saúde Laboral e Medio Ambiente de FeSMC-UGT, Álvaro Vicioso; a secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT-FICA, Pilar Ituero, e o secretario de Saúde Laboral e Medio Ambiente da Federación de Servizos Públicos de UGT, José María Cobano, analizaron os datos definitivos de accidentes de traballo do ano 2022.

Cada día morreron 2 persoas en accidente laboral, 1.790 sufriron un accidente con baixa, e ocorreron 3.338 accidentes, dos que 11 foron graves. Respecto ao ano anterior, en 2022 os accidentes de traballo aumentaron un 4,46%, un 8,7% os que causaron baixa, e morreron 864 persoas, 122 persoas máis, o que supón un incremento do 16,4%. O perfil do accidentado en 2022: é un home, menor de 34 anos e que traballa en obras estruturais da construción ou como condutor de vehículos de transporte urbano ou por estrada.

Datos ‘demoledores’ que reflicten que ‘a sinistralidade laboral está desbocada’ e que confirman os vaticinios de UGT. Ana García de la Torre insistiu que detrás destes números hai vítimas, persoas e familias que

sofren e alerta sobre a invisibilidade desta secuela, que parece que a sociedade normalizou. Ademais, lembrou que o ‘Contador da Vergoña’ posto en marcha por UGT rexistra xa 250 persoas mortas no que vai de ano.

Estes datos reflicten que se segue incumprindo a normativa de prevención de riscos laborais por parte das empresas (nun 37% dos casos non se realizou a avaliación de riscos laborais á que obriga a lei e 224 foron accidentes mortais) e que hai un déficit na xestión preventiva. Así mesmo, obsérvase que os asalariados con contratos temporais rexistran unha incidencia 1,5 veces superior ás persoas traballadoras con contrato indefinido.

Urxen solucións para facer efectivo o dereito fundamental das persoas traballadoras a contornas de traballo seguras e saudables. UGT insta a seguir reducindo a precariedade laboral e avanzar cara traballos decentes e libres; poñer coto á masiva externalización da xestión preventiva; reforzar os recursos da Inspección de Traballo; revisar e actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais (non só para adaptala á



nova realidade do mundo do traballo, senón para conseguir unha maior cultura preventiva) e do Regulamento dos Servizos de Prevención (RSP), para promover a calidade na xestión dos mesmos (hai que corrixir a sobrecarga de traballo dos técnicos pertencentes a esas empresas, a falta de independencia debido ás presións e intereses...).

Ana García de la Torre demandou aos partidos políticos que se comprometan a que a seguridade e saúde no traballo sexa unha prioridade na súa axenda. Hai que abrir, canto antes, unha mesa de diálogo social nesta materia (un compromiso do Goberno de coalición que quedou paralizado polo adiamento electoral) e un plan de choque negociado cos axentes sociais, que facilite a redución da incidencia dos riscos psicosociais e os trastornos musculoesqueléticos.

PERMISOS RETRIBUIDOS PARA AS ELECCIÓNS XERAIS DO 23 DE XULLO DE 2023

UGT



NON TERÁN DEREITO A PERMISO RETRIBUIDO

As/os traballadoras/es con horario de traballo que NON coincida co de apertura das mesas electorais, ou que o faga por un periodo inferior a dúas horas.

PERMISO PARA ACUDIR A VOTAR

Os/as traballadores/as que traballen ese domingo teñen dereito como electores, a dispoñer ese día dun permiso retribuído para poder votar. A súa duración depende da maior ou menor coincidencia do seu horario de traballo co de apertura dos colexios electorais (que é de 9 da mañá a 8 da tarde). Cada comunidade autónoma decide a duración destes permisos, como orientación adoita ser esta:

Coincidencia do horario do traballador co do colexio electoral	Duración do Permiso
Non coincide (ou menos de dúas horas)	Sen permiso
Entre 2 e 4 horas	2 horas
Entre 4 e 6 horas	3 horas
Máis de 6 horas	4 horas

A empresa pode solicitar aos seus traballadores que xustifiquen que empregaron ese tempo para ir votar. Para iso, o traballador deberá achegar o xustificante correspondente (modelo oficial asinado polo presidente da mesa).

Nos supostos de persoas traballadoras contratadas a tempo parcial que realicen unha xomada inferior á habitual na actividade, a duración do permiso antes sinalado reducirase en proporción á relación entre a xomada de traballo que desenvolven e a xomada habitual das persoas traballadoras contratadas a tempo completo na mesma empresa.

Permiso para votar por correo. No suposto de persoas traballadoras por conta allea que previsen non estar na data da votación na localidade onde lles corresponde exercer o seu dereito ao voto, ou que non poidan exercer o dereito de sufraxio o día das eleccións, dispoñerán, no seu horario laboral, de ata catro horas libres de igual maneira que o establecido no artigo anterior, para que poidan formular persoalmente a solicitude do certificado de inscrición no censo, así como para efectuar a remisión do voto por correo.

Permiso por ser designado presidente ou vogal dunha mesa electoral. Se para o traballador a xomada de votación é laborable, a empresa ten que concederlle un permiso retribuído, previo aviso e xustificación. Traballen ou non o domingo, os traballadores que sexan presidentes ou vogais teñen dereito a unha redución de cinco horas na xomada do luns 24 de xullo.

Se o traballador elixido vogal ou presidente traballa a noite anterior á da xomada electoral e solicita cambio de quenda, é obrigatorio concederllo. Ademais, se o empregado ten que traballar na quenda de noite inmediatamente posterior á xomada electoral, ten dereito a que se lle reduza esta cinco horas.

Permiso por ser designado interventor ou apoderado. O traballador que fose designado interventor ten os mesmos permisos que o presidente e os vogais. En canto ao apoderado, só ten dereito ao permiso retribuído correspondente ao día das eleccións. Nin o interventor nin o apoderado teñen dereito a percibir dietas, a diferenza do que sucede cos membros das mesas electorais.

Permiso por ser designado suplente. O traballador designado suplente ten obrigación de presentarse no colexio electoral ás 8 da mañá, para o que a súa empresa deberá darlle o correspondente permiso retribuído se ese domingo traballa. Se fallase algún titular e debe substituírle, o traballador terá entón dereito aos permisos correspondentes. Se, pola contra, non é necesaria a súa presenza, poderá acudir ao traballo con normalidade a partir dese momento. Como orientación, hai que ter en conta que a mesa debe estar formada ás 8.30 horas da mañá, polo que o traballador, a esa hora, xa coñecerá se debe substituír á persoa ausente ou pode acudir ao seu traballo.